## FICHA DE INSCRICIÓN

Nome:…………………………………......

Apelidos:……………………………….....

Idade:...................................................

Enderezo:.............................................

Poboación:............................................

C.P:.......................................................

Telf.:......................................................

E-mail: …………………………………......

Centro de estudos: ...............................

Pola presente declaro a miña autoría das obras presentadas ao concurso e a posesión dos seus dereitos.

Autorizo ao I.E.S Chapela para a súa libre exposición, reprodución e publicación en actividades sen ánimo de lucro. Coa miña participación acepto as bases do concurso.

Firma: Data:

| |
|---|
| DESEXO QUE A AUTORÍA DO MEU CARTEL QUEDE NO ANONIMATO. EMPREGANDO O PSEUDÓNIMO………………….............. |


IES CHAPELA

Avd. Redondela, s/n -36320

Chapela – Redondela

Telf/Fax 986453330 / 986450169

e-mail:ies.chapela@edu.xunta.es


I Concurso de Carteis

# *De igual a igual*

Marzo - 2010

ORGANIZA:

Titorías 3º ESO

Dpto. Orientación

IES Chapela do Concello de Redondela, co fin de promover a reflexión sobre a problemática da “igualdade entre os sexos” nas súas diferentes manifestacións, violencia psicolóxica, sexual, económica, física,... así como os efectos e consecuencias da mesma, invita a participar no:

## I CONCURSO DE CARTEIS

## *De igual a igual* Marzo - 2010

BASES DA PARTICIPACIÓN

1. Deberán participar todos os alumnos e alumnas de terceiro, ben de xeito individual ou ben en grupos, sempre e cando non superen o número de 5 persoas. Cada participante ou grupo poderá presentar un único cartel.

2. Os carteis presentados deberán ir acompañados da ficha de inscrición que se axunta, e entregaranse nas titorías correspondentes ou no Departamento de Orientación.

3. A temática á que deben axustarse os traballos é: ”os problemas da igualdade entre os sexos”.

4. Os *slogans* dos carteis ou información que apareza neles deberán estar escritos en galego. Os carteis serán de tamaño A3 e estarán realizados en papel normal, cartolina ou cartón para pintar.

5. Todos os carteis que se presenten deberán ser orixinais, inéditos e non ter sido presentados en anteriores concursos

6. Os criterios de valoración para elixir ás persoas premiadas serán os seguintes: contido e tratamento do tema, orixinalidade, expresión e presentación en xeral.

7. O prazo para a presentación dos carteis rematará o venres 5 de marzo de 2010.

8. O xurado do concurso procederá á selección de tres carteis. Os orixinais quedarán en poder do centro que se reserva o dereito para súa exposición ou calquera outro tratamento posterior, sempre sen ánimo de lucro.

9. Concederanse tres premios acompañados de diploma acreditativo, coas seguintes cantidades:

   1º premio: 50 €

   2º premio: 25 €

   3º premio: 10 €

10. Os premios daranse a coñecer en acto público ao que deberán asistir as persoas gañadoras, que serán avisadas con antelación.

11. Os carteis divulgaranse a través da páxina do centro, e doutras canles informativas.

12. As persoas participantes serán as únicas responsables do contido dos seus carteis en canto a esixencias legais de dereitos de autoría ou plaxios, segundo as leis vixentes. Cada persoa participante, polo mero feito de presentarse ao concurso, acepta estas bases. Calquera outra circunstancia non prevista nas mesmas, será resolta polo xurado e as súas decisións serán inapelables.